# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP “MAR DE FÓRA”

CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º.

MATERIA: Música

DEPARTAMENTO: Música

DATA: 12/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

**1º Curso de Primaria**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| --- | --- |
| 1. Percibir o poder expresivo do son e da música mediante a escoita activa baseada no xogo e o movemento. | 1.1. Experimenta situacións sen son e con son.<br>1.2. Valora a música como forma habitual de expresión e comunicación. |
| 2. Identificar e describir de forma oral as calidades do son. | 2.1. Percibe e discrimina sons graves e agudos, longos e curtos, fortes e débiles, e de timbres diferentes.<br>2.2. Diferencia melodías e descobre o poder evocador de escenas e personaxes nunha audición. |
| 3. Percibir e expresar ritmos e duracións en cancións, actividades de movemento e instrumentacións con grafías non convencionais. | 3.1. Explora vocábulos onomatopeicos sinxelos.<br>3.2. Interpreta coa voz e os instrumentos os sons en partituras non convencionais.<br>3.3. Discrimina a acentuación con resposta verbal e de movemento. |
| 4. Utilizar, descubrir e valorar as posibilidades sonoras do propio corpo e da voz. | 4.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, os instrumentos, obxectos, animais e a voz. |
| 5. Cantar individualmente e en grupo improvisando diálogos vocais. | 5.1. Canta de forma coral coa voz. |
| 6. Descubrir e apreciar as posibilidades expresivas e comunicativas de diferentes materiais e instrumentos segundo os diferentes materiais e maneiras de producir o son | 6.1. Acompaña as súas cancións con instrumentos de percusión mantendo o pulso.<br>6.2. Expresa grafías non convencionais coa voz e os instrumentos. |
| 7. Percibir e expresar ritmos e duracións en cancións, actividades de movemento e instrumentacións con grafías non convencionais. | 7.1. Practica de forma habitual a lectura de partituras sinxelas non convencionais coa voz e os instrumentos de percusión afinada e non afinada |
| 8. Adecuar o movemento corporal ao movemento da música, expresando mediante a danza espontánea os distintos elementos sonoros percibidos desde unha escoita atenta e activa. | 8.1. Mantén o pulso dunha canción e en actividades de movemento.<br>8.2. Goza con desinhibición nos xogos corporais e dramáticos con música |

**2º Curso de Primaria**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| --- | --- |
| 1. Identificar as calidades en sons da natureza, do ambiente e do contorno, tras a súa exploración auditiva | 1.1. Describe, oralmente e por escrito algunhas calidades dos sons escoitados.<br>1.2. Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que participan nunha obra musical orquestral. |
| 2. Recoñecer e describir algúns elementos musicais en pezas escoitadas na aula. | 2.1. Descobre a organización dunha obra musical sinxela.<br>2.2. Identifica as formas musicais (rondó, *ostinato* e canon) en obras musicais escoitadas |

| | |
|---|---|
| 3. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais da voz adecuando a respiración e postura corporal á interpretación vocal. | 3.1. Recoñece as posibilidades sonoras e musicais da voz.<br><br>3.2. Desenvolve hábitos correctos de respiración, posición e articulación para interpretar coa voz. |
| 4. Identificar elementos utilizados na representación gráfica convencional da música utilizando de forma apropiada termos técnicos propios da linguaxe musical. | 4.1. Le e interpreta unha partitura sinxela en linguaxe musical convencional en clave de sol.<br><br>4.2. Interpreta correctamente figuras e silencios de redonda, branca, negra e corchea |
| 5. Recoñece por medio de imaxes e clasifica os instrumentos en familias nomeando algún deles. | 5.1. Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que lle son mostrados fisicamente ou por medio de imaxes |
| 6. Memorizar e interpretar un repertorio básico de pezas instrumentais coa frauta doce. | 6.1. Iníciase no estudo da técnica da frauta doce.<br><br>6.2. Interpreta pezas musicais coa frauta doce coas notas da man |
| 7. Utilizar o corpo como expresión de sentimentos, emocións e imaxinación con control postural e coordinación coa música | 7.1. Mantén o pulso dunha canción e en actividades de movemento.<br><br>7.2. Goza con desinhibición nos xogos corporais e dramáticos con música.<br><br>7.3. Axusta o propio movemento ao espazo e aos demais nos desprazamentos |

**3º Curso de Primaria**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| 1. Recoñecer, en audicións musicais, diferentes tipos de voces adultas e agrupacións destas. | 1.1. Coñece as agrupacións instrumentais e vocais e recoñéceas en audicións.<br><br>1.2. Compara as diferenzas de determinadas voces |
| 2. Coñecer a clasificación dos instrumentos por rango comparándoos cos distintos tipos de rexistro de voces adultas. | 2.1. Identifica no seu contorno o uso que se fai da música valorando a función. |
| 3. Recoñecer aspectos básicos dunha obra musical analizando un musicograma. | 3.1 Analiza a estrutura dunha obra musical utilizando un vocabulario básico |
| 4. Diferenciar e clasificar os instrumentos musicais atendendo á súa forma de producir o son. | 4.1. Distingue as principais familias de instrumentos segundo o material vibrante.<br><br>4.2. Identifica os elementos da linguaxe musical convencional: notas, claves, figuras e estruturas rítmicas. |
| 5. Desenvolve unha técnica base para a interpretación correcta de instrumentos e para o cultivo da voz. | 5.1. Coñece o mecanismo da produción de voz e os órganos que interveñen na respiración e a fonación.<br><br>5.2. Canta cun control postural adecuado e unha técnica vocal correcta.<br><br>5.3. Desenvolve destrezas básicas para a correcta utilización da frauta doce.<br><br>5.4. Interpreta coa frauta doce partituras utilizando a man esquerda (notas sol, la, si dó, re) e a man dereita (notas fa, mi). |

| | |
|---|---|
| | 5.5. Interpreta composicións sinxelas nas que participa a voz. A frauta doce e instrumentos de acompañamento. |
| 6. Características técnicas e musicais das danzas do mundo. | 6.1. Comparar as características técnicas e musicais (ritmo, melodía e carácter) das danzas de diferentes países<br>6.2. Coñece, valora e compara as características técnicas e musicais das danzas de diferentes países |

**4º Curso de Primaria**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas | 1.Canta respirando correctamente, colocando ben a voz, articulando con boa dicción e afinando o máximo posible |
| 2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. | 2.Coñece e canta a canción correspondente sen mirar a letra |
| 3. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas | 3.Recoñecer instrumentos que participan nunha audición.. |
| 4. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. | 4. Participar con entusiasmo nas danzas propostas. |
| 5. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas | 5.Recoñece grupos e intérpretes do folk e rock galego. |
| 6. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | 6.1 Interpreta con corrección as pezas de frauta de xeito colectivo.<br>6.2 Participar con entusiasmo nas actividades propostas. |
| 7. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal | 7.Explora e realiza as súas própias creacións musicais |
| 8. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes | 8.Desenvolvese con soltura empregando soportes e materiais electrónicos. |

| | |
|---|---|
| materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | |

**5º Curso de Primaria**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| 1.Coñecer e aplicar a linguaxe musical para a lectura e interpretación de partituras. | 1.1.Comprende e aplica as distintas duracións entre branca, negra, corchea e semicorchea.<br>1.2.Coñece e comprende os distintos compases binarios, ternarios e cuaternarios cos seus respectivos acentos e pulsos.<br>1.3.Sabe escribir unha escala |
| 2.Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical. | 2.1.Sabe diferenciar as distintas partes dunha audición sinxela , asociando cada parte a unha sensación.<br>2.2.E capaz de representar a estrutura da audición |
| 3.Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. | 3.1. Coñece os distintos estilos asi como figuras importantes da historia da música, recoñecendo os seus principais temas.<br>3.2. Realiza un traballo de investigación aportando datos o máis rigurosamente posible e amosando o traballo cunha boa presentación. |
| 4.Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións, e pezas instrumentais en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorando o traballo feito e proporcionando propostas de mellora. | 4.1.Le partituras<br>4.2.Sabe colocar o si bemol na frauta doce.<br>4.3.Comprende o significado dos sostenidos e os bemoles.<br>4.4.Executa as notas, lendo a partitura e empregando un son adecuado.(son doce, sen chillidos…) |

| | |
|---|---|
| | 4.5.Improvisa coa frauta doce<br>4.6.Crea temas novos sen ningún tipo de consigna para logo transcribilos a partitura.<br>4.7.Canta respirando correctamente, colocando ben a voz, articulando con boa dicción e afinando o máximo posible.<br>4.8.Coñece e canta a canción correspondente sen mirar a letra. |
| 5.Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico | 5.1.Identifica o asociando á música correspondente.<br>5.2.Sabe entrar no tempo xusto, executando o paso básico no acento do compás. |

**6º Curso de Primaria**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| 1.Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compone | 1.Escribe os elementos da linguaxe musical con limpeza e correción.<br>1.2 Le e interpreta correctamente as partituras |
| 2.Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións. | 2.1.Participa nas actividades grupais con entusiasmo.<br>2.2 Recoñece as distintas obras e estilos musicais<br>2.3. Valora a diversidade musical como elemento cultural. |

| | |
|---|---|
| | 2.4 Ten unha actitude de atención e respecto nas audicións |
| 3.Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar | 3.Procura o axuste da entoación vocal e o ritmo na instrumentación.<br>3.2 Fai unha respiración correcta |
| 4. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección. | 4.1 Participa nas actividades grupais con entusiasmo.<br>4.2 Esforzase en acadar un bo resultado e implicación grupal.<br>4.3 Respecta os turnos e mantén silencio nos periodos de descanso na música |
| 5.Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social. | 5.Imita os movementos dirixidos nas coreografías ou dramatizacións. |
| 6.Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais e instrumentos. | 6. Investiga, incorpora e crea cos novos materiais sonoros<br>6.1 Realiza un emprego correcto dos instrumentos coidaos e os deixa no seu sitio |
| | |

## 2. Avaliación e cualificación

<table>
<tr><td rowspan="3">Avaliación</td><td>A continuación amoso o procedemento de avaliación levado ao cabo na 1º e 2º avaliación<br><br>As porcentaxes para a avaliación serán as seguintes<br><br><u>Parte A</u> (65% do total) Bloques de contido.<br><br>Escoita: 15%<br><br>Interpretación musical: 30%<br><br>A música, a danza e o movemento: 20%<br><br>Daráselle máis importancia ao bloque de interpretación musical, posto que inclué linguaxe musical , canto e práctica instrumental.<br><br><u>Parte B</u> (35% do total)<br><br>Comportamento<br><br>Todos os alumnos partirán co total desta porcentaxe que sufrirá descontos por motivos como: malos comportamentos, actitudes, non respectar os turnos, non respectar ou esquecer o material, puntualidade e orden as entradas e saídas da aula entre outras.<br><br>Por estes motivos serán penalizados con pérdidas de puntos (segundo a gravedade) sobre a porcentaxe deste apartado (35).<br><br>Faltas de atención, respecto dos turnos, mal coidado ou falta de material, orden a fila -2. Actitude, pasividade -3<br><br>Mal comportamento -5. (rirse dun compañeiro, insultos, abusos…)<br><br>TOTAL: Parte A (65%) + Parte B (35%)<br><br>Premiarase a boa disposición ante calquer actividade, a cooperación… respostar voluntariamente, intentar interpretar unha peza recén aprendida.<br><br>Levarase un control diario, rexistrando todos estes aspectos, puntualizando o día, e o tipo de falta.</td></tr>
<tr><td>Procedementos: Valoranse os resultados , o traballo diario,as actitudes de esforzo e interese para mellorar e superarse.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos: Observación directa , execución das actividades musicais, presentación dos traballos e actividades, listas de control e táboas de seguimento.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Dado que estamos nunha materia de caracter práctico, neste terceiro trimestre resulta imposible realizar a actividade por carecer de grupo, espazo e materiais.<br><br>Realizaremos unha media entre as dúas primeiras avaliacións.<br><br>Deixo abertos espazos interactivos “online” para levar ao cabo prácticas de repaso e traballos que poderán ser presentados permitindo de este modo acadar</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | unha mellora na nota final |
| **Proba extraordinaria de setembro** | |
| **Alumnado de materia pendente** | Non se da ningún caso |
| | |
| | |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Na páxina web do colexio presentamos diferentes páxinas con actividades. Contamos cun blog no que podemos atopar todo tipo de actividades, ademáis facilitamos unha dirección de correo electrónico para enviar os traballos ao mestre. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todas as actividades realízanse telemáticamente mediante prácticas nas web participación nos retos propostos e outros traballos de caracter voluntario<br><br>Os casos de nenos sen ordenador ou conexión foron solucionados por parte do centro facilitando para tales casos material do centro e solucións para obter conectividade |
| **Materiais e recursos** | Tablet, mobiles e ordenadores.<br><br>Páxinas web, blogs, correo electrónico, conexión en videoconferencia Webex...<br><br>Propóñense traballos que se poden realizar con maeriais que temos pola casa (materiais de reciclaxe en moitos casos) |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | As familias están informadas a través da web do colexio, blogs, Webex, correo electrónico e vía telefónica |
| **Publicidade** | Na páxina web do centro. |